

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 27 DE MAIO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:05 horas do día 27 de maio de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 23 de maio, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Santos Héctor Rodríguez

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D. Alberto Escariz Couso
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D^a. Pilar Carneiro Miniño (asiste aos puntos 8, 4 e 9)
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 2 e 3)
D. Secundino Otero Faílde (asiste ao punto 10)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Monte da Mina, campo de fútbol de San Andrés de Comesaña e campo de fútbol das Relfas-Sárdoma (219-441) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 16 de maio se concedeu un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. ANLLAR MANTENIMIENTOS Y CONSTRUCCIONES, S.L.U.
2. MONDO IBÉRICA, S.A.

Durante o prazo concedido os dous licitadores presentaron sendos escritos indicando que non pertencen a un grupo de empresas.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para



declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. ANLLAR MANTENIMIENTOS Y CONSTRUCCIONES, S.L.U.
2. MONDO IBÉRICA, S.A.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Monte da Mina, campo de fútbol de San Andrés de Comesaña e campo de fútbol das Relfas-Sárdoma (219-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

8.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán náutico e mariñeiro 2019 (8.814-336) (informe sobre B)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado e admitido neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Xuventude o 22 de maio de 2019 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán náutico e mariñeiro 2019 (8.814-336)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 00:53	Páxina 2 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A746-EHC649-BHD982-SQDJBA-F4GWZJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



	Licitador	Prezo do contrato			Pola realización de saídas e excursións con desprazamento en autobús discrecional ou barco			Pola formación de Educación Especial ou Integración Social do persoal para a atención de nenos e nenas con necesidades educativas especiais, se os houberse		
		Lote 1	Lote 2	Lote 3	Lote 1	Lote 2	Lote 3	Lote 1	Lote 2	Lote 3
1	TIERRA Y MAR MULTIASENTURA, S.L.	23.126,45	33.942,70	23.126,45	0	0	0	1	1	1

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

Ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 do PCAP "As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas anormalmente baixas de acordo co establecido na cláusula 18 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula", a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda outorgar ao único licitador admitido a máxima puntuación de acordo co apartado 7B do Anexo I (FEC) do prego:

	Licitador	Prezo do contrato			Pola realización de saídas e excursións con desprazamento en autobús discrecional ou barco			Pola formación de Educación Especial ou Integración Social do persoal para a atención de nenos e nenas con necesidades educativas especiais, se os houberse		
		Lote 1	Lote 2	Lote 3	Lote 1	Lote 2	Lote 3	Lote 1	Lote 2	Lote 3
1	TIERRA Y MAR MULTIASENTURA, S.L.	45 ptos.	45 ptos.	45 ptos.	10 ptos.	10 ptos.	10 ptos.	10 ptos.	10 ptos.	10 ptos.

Tendo en conta a puntuación outorgada ao licitador pola súa proposición avaliable mediante xuízo de valor no informe de data 22 de maio, a puntuación total é a seguinte:



LOTE 1: VERÁN NÁUTICO I

	Licitador	Criterio xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L.	23,50	65	88,50 puntos

LOTE 2: VERÁN NÁUTICO II

	Licitador	Criterio xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L.	23,50	65	88,50 puntos

LOTE 3: VERÁN MARIÑEIRO

	Licitador	Criterio xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L.	23,50	65	88,50 puntos

9.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán náutico e mariñeiro 2019 (8.814-336)

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da única proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán náutico e mariñeiro 2019 (8.814-336) na seguinte orde descendente:

LOTE 1: VERÁN NÁUTICO I



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 00:53	Páxina 4 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A746-EHC649-BHD982-SQDJBA-F4GWZJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Criterio xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L.	23,50	65	88,50 puntos

LOTE 2: VERÁN NÁUTICO II

	Licitador	Criterio xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L.	23,50	65	88,50 puntos

LOTE 3: VERÁN MARIÑEIRO

	Licitador	Criterio xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L.	23,50	65	88,50 puntos

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A escritura de constitución e o poder de representación esixidos na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). (A acreditación da solvencia económica e técnica, o nomeamento do delegado, o compromiso de adscrición de medios e o acordo de confidencialidade xa foron presentados no sobre A).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

10.- Propostas de adjudicación

a) Autorización municipal para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2019 (13.848-306)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 00:53	Páxina 5 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A746-EHC649-BHD982-SQDJBA-F4GWZJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento para a autorización municipal para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2019 (13.848-306)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do 14 de maio de 2019 a Mesa de Contratación acordou non admitir a D^a. MÓNICA VILLAR RAMIRO neste procedemento por non ter emendado, no prazo concedido, a documentación presentada no sobre 1 segundo os requisitos de presentación previstos na cláusula sexta (punto 2 do apartado A) do prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 16 de maio de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento para a adxudicación da autorización municipal para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2019 (13.848-306) na seguinte orde descendente:

LOTE 1 quiosco do areal da Punta (A Guía) sinalado co nº 1		
LICITANTE	PUNTUACIÓN	CLASIFICACIÓN
Manuel Lago Chapela	100	1 ^a

LOTE 2 quiosco do areal de Santa Baia (Alcabre) sinalado co nº 2		
LICITANTE	PUNTUACIÓN	CLASIFICACIÓN
Administración de Playas, S.L.	100	1 ^a

LOTE 3 quiosco do areal do Tombo do Gato sinalado co nº 3		
LICITANTE	PUNTUACIÓN	CLASIFICACIÓN
María Francisco Touriño	100	1 ^a

LOTE 4 quiosco do areal do Tombo do Gato sinalado co nº 4		
--	--	--



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



LICITANTE	PUNTUACIÓN	CLASIFICACIÓN
Obdulia Lastra Francisco	100	1ª
Administración de Playas, S.L.	42,41	2ª

LOTE 5 quiosco do areal de Argazada sinalado co nº 5

LICITANTE	PUNTUACIÓN	CLASIFICACIÓN
Administración de Playas, S.L.	100	1ª
Obdulia Lastra Francisco	91,74	2ª

LOTE 6 quiosco do areal de Samil sinalado co nº 6

LICITANTE	PUNTUACIÓN	CLASIFICACIÓN
Ricardo Santiago Daponte	100	1ª

LOTE 7 quiosco do areal de Samil sinalado co nº 7

LICITANTE	PUNTUACIÓN	CLASIFICACIÓN
Manuel Lago Chapela	100	1ª
Ricardo Salgado Daponte	93,41	2ª

LOTE 8 quiosco do areal de Samil sinalado co nº 8

LICITANTE	PUNTUACIÓN	CLASIFICACIÓN
Estela Rial Abalde	100	1ª
María Francisco Touriño	44,96	2ª

LOTE 9 quiosco situado no areal do Vao sinalado co nº 9

LICITANTE	PUNTUACIÓN	CLASIFICACIÓN
Administración de Playas, S.L.	100	1ª
Manuel Lago Chapela	91,68	2ª

LOTE 10 quiosco situado no areal do Vao sinalado co nº 10

LICITANTE	PUNTUACIÓN	CLASIFICACIÓN
Ricardo Santiago Daponte	100	1ª
Manuel Lago Chapela	77,62	2ª



LOTE 11 quiosco do areal da Etea sinalado co nº 11		
LICITANTE	PUNTUACIÓN	CLASIFICACIÓN
Manuel Lago Chapela	100	1ª
Administración de Playas, S.L.	84,93	2ª

Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar no cadro anterior, para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas quinta e décima do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula undécima do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Este acordo foi notificado aos licitadores clasificados en primeiro lugar, D. MANUEL LAGO CHAPELA (lotes 1, 7 e 11), ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. (lotes 2, 5 e 9), Dª. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO (lote 3), D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE (lotes 6 e 10), Dª. OBDULIA LASTRA FRANCISCO (lote 4), e Dª. ESTELA RIAL ABALDE (lote 8), o día 21 de maio de 2019, que presentan a documentación requirida, dentro do prazo concedido, nas seguintes datas:

- D. MANUEL LAGO CHAPELA: 24 e 27 de maio de 2019
- ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L.: 23 de maio de 2019
- Dª. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO: 23 e 24 de maio de 2019
- D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE: 23 de maio de 2019
- Dª. OBDULIA LASTRA FRANCISCO: 23 de maio de 2019
- Dª. ESTELA RIAL ABALDE: 24 de maio de 2019

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 27 de maio de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitadores clasificados en primeiro lugar, D. MANUEL LAGO CHAPELA (lotes 1, 7 e 11), ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 00:53	Páxina 8 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A746-EHC649-BHD982-SQDJBA-F4GWZJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



(lotes 2, 5 e 9), D^a. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO (lote 3), D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE (lotes 6 e 10), D^a. OBDULIA LASTRA FRANCISCO (lote 4) e D^a. ESTELA RIAL ABALDE (lote 8), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

As ofertas máis vantaxosas economicamente para a administración contratante son as formuladas por D. MANUEL LAGO CHAPELA (lotes 1, 7 e 11), ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. (lotes 2, 5 e 9), D^a. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO (lote 3), D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE (lotes 6 e 10), D^a. OBDULIA LASTRA FRANCISCO (lote 4) e D^a. ESTELA RIAL ABALDE (lote 8), de acordo cos informe de valoración do sobre 2 “*modelo de quiosco proposto*” e 3 “*proposición económica*” de datas 14 e 16 de maio de 2019, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Dar conta do acordo da Mesa de Contratación do 14 de maio de 2019 polo que se acorda non admitir a D^a. MÓNICA VILLAR RAMIRO neste procedemento por non ter emendado, no prazo concedido, a documentación presentada no sobre 1 segundo os requisitos de presentación previstos na cláusula sexta (punto 2 do apartado A) do prego de cláusulas administrativas particulares.*
2. *Autorizar a D. MANUEL LAGO CHAPELA para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2019 (13.848-306), concretamente os lotes 1 “quiosco do areal da Punta (A Guía)”, 7 “quiosco do areal de Samil” e 11 “quiosco do areal da Etea”, cun canon de 1.371 euros, 18.771 euros e 5.771 euros, respectivamente.*
3. *Autorizar a ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2019 (13.848-306), concretamente os lotes 2 “quiosco do areal de Santa Baía (Alcabre)”, 5 “quiosco do areal de Argazada” e 9 “quiosco situado no areal do Vao”, cun canon de 2.101,20 euros, 16.525,47 euros e 19.383,32 euros, respectivamente.*
4. *Autorizar a D^a. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 00:53	Páxina 9 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A746-EHC649-BHD982-SQDJBA-F4GWZJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2019 (13.848-306), concretamente o lote 3 “quiosco do areal do Tombo do Gato”, cun canon de 5.128,28 euros.

5. Autorizar a D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2019 (13.848-306), concretamente os lotes 6 “quiosco do areal de Samil” e 10 “quiosco situado no areal do Vao”, cun canon de 17.533,33 euros e 6.533,33 euros, respectivamente.
6. Autorizar a D^a. OBDULIA LASTRA FRANCISCO para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2019 (13.848-306), concretamente o lote 4 “quiosco do areal do Tombo do Gato” cun canon de 16.750 euros.
7. Autorizar a D^a. ESTELA RIAL ABALDE para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2019 (13.848-306), concretamente o lote 8 “quiosco do areal de Samil” cun canon de 22.300 euros.
8. En todo caso, deberán acreditar o pagamento do seguro esixido na cláusula décima do PCAP no prazo de 10 días.

Todo iso de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno local e as ofertas presentadas”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 12:50 horas, logo dun receso desde as 10:35 ás 12:40 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 00:53	Páxina 10 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A746-EHC649-BHD982-SQDJBA-F4GWZJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		